

LIMIAR



A definición de fronteira correspóndese cun debuxo de liñas nunha zona xeográfica determinada que delimita ata onde chega un país ou rexión, e nese mesmo lugar comeza outro distinto.

En Galicia xamais tivemos a sensación de que esa “raia”, que habitualmente se correspondía cunhas pontes que pasaban por riba do río Miño, ou dos seus moitos afluentes, tivese que levarnos a un país distinto. Non había problemas de entendemento coa lingua, as comidas, as mesmas cás nosas, e as cousas que mercabamos tamén as había aquí, só que máis caras. Iso si, que ninguén nos preguntase pola historia dese lugar tan semellante ao noso, nin por ninguén importante que non fose futbolista.

No *Xulián Magariños* levamos xa un tempo tentando pór luz sobre esas zonas, sobre os descoñecementos que temos dos que temos ao lado. Moitas veces son os propios compañeiros de aula, outras as vivencias dos que habitaron antes ca nós esta comarca, e tamén a historia e presente dos que están a unha hora de nós nunha mesma terra bañada polo mesmo mar.

Mellorar a convivencia no noso centro é unha prioridade desta comunidade educativa. Mais ao tempo queremos saber máis, non só dos nosos veciños do Val de Barcala – e para iso estamos a elaborar un libro -, senón tamén dos que compartiron a nosa historia desde os tempos máis remotos, e seguen a compartila hoxe na cercanía física e de amizade que nos dá unha cultura común e o mesmo xeito de entender a vida.

Nesta revista tedes, entre outras cousas moi interesantes que fixemos neste curso, o relato dos momentos e persoas que definiron a historia de Portugal. Agardamos que, despois de coñecer o máis significativo do seu pasado, camiñemos a partir de agora aínda máis da man dos que sempre foron compañeiros da mesma aula terra.